



Traballo, dereitos, soberanía. Galiza contra as guerras! Camiñando para encher as rúas o Primeiro de Maio

Este Primeiro de Maio as traballadoras e traballadores galegos temos que tomar as rúas nunha xornada de denuncia e de loita contra as guerras imperialistas e a militarización da sociedade; contra a UE do capital e da extrema dereita e pola defensa dos servizos públicos, os dereitos laborais e un proxecto soberano para Galiza.

Vivimos nun momento de profunda crise global, marcada pola ofensiva do capitalismo neoliberal que pretende reforzar as súas estruturas de dominación de clase e opresión colonial sobre os pobos e nacións.

Neste escenario, o gasto militar e a guerra convértese en ferramentas do imperialismo –liderado polos Estados Unidos– para sostener un sistema baseado na explotación. A chegada dunha nova administración estadounidense anuncia unha agresión aínda máis violenta, ampliando as súas políticas belicistas e de control xeopolítico. A este reforzo do papel imperial responden as ordes de aumento do gasto militar dos estados integrados na OTAN.

Unión Europea: submisión e crise

A Unión Europea amosa a súa submisión aos intereses dos EUA, mentres a extrema dereita medra no seu seo, consolidando un proxecto reaccionario que prioriza os gastos militares sobre os dereitos sociais. Esta deriva non só afonda na deslexitimación da UE no contexto global, senón que acelera a



súa propia descomposición interna, ao tempo que segue negando a soberanía dos pobos e nacións que a integran.

Estado español: obediencia e militarización

O Goberno español aliñouse sen reparos con este deseño imperialista e ten lanzado unha descomunal campaña de propaganda, recorrendo ao medo, para convencer a poboación da necesidade de incrementar as partidas destinadas a armamento, cando xa supera o 2% do PIB en gasto militar, priorizando así orzamentos bélicos sobre as necesidades sociais.

O Estado Español acepta plans de axuste que recortan o gasto público

e camiñan cara á privatización dos servizos básicos en materias como a sanidade, a educación ou a vivenda. Políticas que precarizan as condicións de vida da clase traballadora con reformas que teñen como obxectivo rebaixar salarios e flexibilizar os dereitos das traballadoras e traballadores.

Galiza: suicidio imposto polo PP

Neste contexto, as políticas do PP e do Goberno galego son fatais para a nosa sociedade, provocando un aumento da pobreza e da desigualdade, ao tempo que se desmantelan os servizos públicos.

Mentres avanza a desertización industrial e social en comarcas enteiras, abandonadas polas administracións, o Partido Popular mantén a súa carreira desenfreada pola depredación dos

nosos recursos naturais con proxectos como o de Altri. E todo isto ocorre avalado por un diálogo social fraudulento, usado como cortina de fume para impor todas estas medidas antisociais.

Son urxentes unhas novas relacións internacionais sen subordinacións, sen explotación nin dependencias, fundamentadas no dereito de autodeterminación, no respecto á soberanía económica e política dos pobos e nacións para a construción dun mundo necesitado de xustiza, solidariedade, cooperación, igualdade e paz.

Por iso, este Primeiro de Maio, máis que nunca, saiamos ás rúas a clamar por "Traballo, dereitos, soberanía. Galiza contra as guerras".

Histórica protesta contra Altri e a mina de Touro

Milleiros de persoas rexeitaron por terra e por mar os proxectos da macrocelulosa Altri e da mina de Touro “e para defender o noso país de depredadores e dun Goberno da Xunta que en vez de estar a carón da cidadanía aliase cos proxectos que queren espoliar a nosa terra e roubarnos a auga, poñendo en perigo a nosa vida, a nosa saúde e o noso pan; porque o río e a ría son o noso pan”, tal e como se sinalou no manifesto que se leu ao remate da histórica manifestación que colapsou A Pobra do Caramiñal o pasado domingo 22 de marzo.

Na localidade barbanzá déronse cita as xentes do mar e do rural e a veciñanza de vilas e cidades, que acudiron á chamada de auxilio dos sectores primarios deste país e porque, como denunciaron, “estades como nós preocupadas, indignadas e escandalizadas” porque a Xunta considere “estratéxicos” unha mina e unha macrocelulosa contaminante mentres

Milleiros de persoas de todo o país colapsaron A Pobra do Caramiñal por terra e por mar.



“despreza os sectores agrogandeiro, pesqueiro, marisqueiro e bateeiro e fai oídos xordos ao clamor social contra estas bombas ambientais que ameazan o presente e o futuro do noso país”.

Por iso censuraron que mentres a Xunta do PP só considera de interese xeral a piscicultura, a mina de Touro ou a celulosa de Altri, non cualificou como tal o mexillón, o marisqueo ou a pesca de baixura,

malia levar a proposta como ILP ao Parlamento apoiada por 19.000 sinaturas que se negou a valorar.

A manifestación tivo lugar no contexto da recente publicación no DOG da Declaración de Impacto Ambiental favorable a Altri en Palas de Rei, á beira do río Ulla, e a tamén recente sentenza do TSXG anulando a privatización dos procedementos de avaliación ambiental. E pechouse cunha reclamación ao Goberno español: que aclare a súa posición a respecto da mina e de Altri e que non facilite o financiamento público nin do Estado nin da Unión Europea.

A CIG-Industria insta as patronais a negociar un acordo galego para o sector do metal

A CIG-Industria está a desenvolver una campaña de mobilizacións para instar as patronais do metal a explorar a posibilidade de promover un acordo galego para o sector. O pasado 20 de febreiro celebrou concentracións simultáneas diante de ASIME en Vigo e das confederacións de empresarios/as da Coruña, Ourense e Lugo. Mentres que para este xoves 3 de abril está prevista unha asemblea de delegados/as en Ourense e unha manifestación posterior polas rúas da cidade.

Durante esas protestas a central aproveitou para facer entrega dun escrito solicitándolle ás 16 patronais presentes nas comisións negociadoras

a celebración de xuntanzas para abordar a modificación lexislativa introducida no Estatuto das persoas traballadoras que permite negociar convenios e acordos interprofesionais autonómicos que prevalezan sobre calquera outro convenio sectorial ou acordo de ámbito estatal.

En Galiza existen catro convenios provinciais do siderometal, que atinxen a un amplo número de empresas e persoas traballadoras que estarían afectadas directa ou indirectamente por estes convenios colectivos. “Unha vez que a lexislación o permite, o que queremos é que se cumpra a lei”, sinalan dende a CIG-Industria,

xa que a modificación do artigo 84 do ET ampara este tipo de acordos a nivel autonómico, sempre que a súa regulación resulte máis favorábel para as persoas traballadoras que a fixada nos convenios ou acordos estatais.

“A CIG sempre defendeu a necesidade dun Marco Galego de Relacións Laborais, por iso apostamos por un acordo galego para o sector dándolle prioridade aplicativa e buscando ter a mesma prioridade, se é o caso, para os convenios provinciais e que queden así blindados fronte ao convenio estatal”. Un marco galego que serviría ademais para evitar a competencia desleal entre empresas de determinadas provincias.



As traballadoras das residencias privadas irán á folga por un convenio colectivo digno

As traballadoras das residencias privadas e centros de día están fartas de aturar unhas condicións salariais e laborais de miseria, unha patronal que ten bloqueada a negociación colectiva dende outubro pasado e unha Consellaría de Política Social que ignora as súas reivindicacións de xeito reiterado.

O 10 de abril, a convocatoria da CIG, as traballadoras iniciarán un calendario de folgas e mobilizacións para demandar un convenio colectivo digno no sector, fronte ás pretensións patronais de perpetuar os salarios por debaixo do SMI e non avanzar en dereitos.

A folga continuará o 22 abril e os días 7 e 21 de maio. Ademais, o sábado 26 de abril teñen convocada unha manifestación nacional en Compostela.

As traballadoras reclaman un incremento das súas retribucións digno, acorde co valor social das tarefas que desenvolven; complementos de IT; que se compensen os festivos, melloras sociais e a redución da xornada laboral anual.



Demandas xustas nun sector considerado esencial na pandemia, pero agora esquecido polo mesmo Goberno da Xunta que asegurou que ía pór en marcha un novo modelo de coidados. A realidade é ben distinta: afóndase na política de privatizacións e na explotación laboral, mentres empeora a calidade asistencial ás persoas usuarias. Todo para que os grandes fondos e grupos que controlan o sector sigan a engordar os seus beneficios.

Porque aos problemas habituais da sobrecarga de traballo e a falta de tempo para ofrecer uns coidados axeitados, engádese a decisión da Xunta de ingresar persoas con doenzas psiquiátricas nas residencias de maiores, malia o persoal carecer de formación e os centros non estar adecuados ás súas necesidades asistenciais.

Por iso, con esta folga tamén reclaman actuar e camiñar cara a un único marco, cara a un sistema de coidados público e garantista.

Campaña por unha atención digna á dependencia e a grave situación dos Servizos de Axuda no Fogar

O colectivo de persoas xubiladas e pensionistas da CIG vén denunciando desde hai tempo as graves carencias existentes en dependencia e atención a persoas maiores. Para reivindicar solucións e unha atención digna, iniciaron unha campaña informativa e de mobilizacións, cun chamado urxente a reverter a situación na que se atopa o Servizo de Axuda no Fogar.

Reclaman a xestión directa do SAF por parte da Xunta de Galiza, que se dote cos orzamentos e persoal suficiente para atender a enorme demanda que ten este servizo; que responda ás necesidades de apoio das persoas dependentes e as súas

familias e que se garantan unhas condicións laborais e salariais dignas ao persoal.

Sistema público

Nas concentracións realizadas o pasado 27 de marzo diante dos Concellos de Arteixo, Monforte, Narón, O Carballiño, Ponteareas, Teo e Vilagarcía, sumáronse numerosas familias usuarias do SAF que amosaron o seu malestar pola precariedade destes servizos -na maioría dos municipios, en mans de empresas privadas- ou polos tempos de espera nas resolucións da dependencia e o cobro das prestacións.

O colectivo entende que son necesarios cambios radicais nas políticas de atención á dependencia e que se poña en marcha un Sistema Público Galego de Servizos de Atención ás Persoas, que englobe todos os recursos públicos, incluíndo o Servizo de Axuda no Fogar, con financiamento suficiente, cun acceso equitativo e condicións laborais xustas para as persoas traballadoras.

As concentracións repetiránse o terceiro xoves de abril e maio, en cada ocasión en municipios diferentes, e tamén se van solicitar reunións cos Concellos para instalos a sumárense a esta reivindicación por un SAF de calidade xestionado directamente pola Xunta.

SOS Sanidade Pública convoca unha gran mobilización o 6 de abril en Compostela

A A Plataforma SOS Sanidade Pública ten convocada unha gran mobilización para o domingo 6 de abril en demanda dunha sanidade pública e de calidade, tanto na Atención Primaria como na Hospitalaria. A manifestación sairá ás 12 da mañá da Alameda de Santiago e está previsto que remate na Praza do Obradoiro.

A CIG, que fai parte da Plataforma, anima a toda poboación galega a expresar o seu malestar contra esta carencia de recursos asistenciais que vulnera o dereito á saúde e o dereito a unha asistencia pública e de calidade, con independencia do lugar de residencia.

O compromiso coa sanidade demóstrase apostando polo sistema público nos orzamentos, dedicando os cartos a reforzar a rede pública e non a incrementar os beneficios das empresas da sanidade privada. Por iso, o lema elixido pola Plataforma para esta mobilización é "Máis Atención Primaria, Atención Hospitalaria e sanidade pública".

Atención Primaria

Algunhas das reivindicacións máis urxentes refírense a termos centros de saúde e PAC dotados persoal

suficiente de todas as categorías, ben equipados, accesíbeis en 24-48 horas máximo, con consultas presenciais a solicitude das persoas doentes, e reorientar a Atención Primaria a promoción, prevención, traballo comunitario e a participación social.

Así mesmo, garantir o modelo de Atención primaria con especialistas

de pediatría nos centros de saúde. Reforzar a capacidade da Atención Primaria de dar resposta aos problemas de saúde mental coa presenza da psicoloxía clínica.

Atención Hospitalaria

Neste ámbito reclámase a utilización plena dos recursos instalados en hospitais mañá e tarde; recuperar os recorres nos hospitais comarcais; acabar coa política de concertación coa privada; a restitución ao sistema público dos centros privatizados; plans para reducir listas de espera e a rematar coa ocultación destas; reforzar as unidades de saúde mental tanto de persoas adultas como infanto-xuvenil; acabar coa precariedade laboral do persoal; e esixencia da dedicación exclusiva ao persoal médico.

Xunto a isto, cómpre incrementar o orzamento sanitario público; elaborar un Plan Galego de Saúde que adapte os recursos ás necesidades; recuperar os servizos privatizados e as áreas sanitarias pechadas; e potenciar a saúde pública para combater os riscos e as epidemias.



LINGUAVITALXA! PAREMOS A EMERXENCIA LINGÜÍSTICA

MANIFESTACIÓN NACIONAL FOLIADA POLA LINGUA

17 de maio ás 12:00 h
Día das Letras Galegas
Santiago de Compostela
Saída da Alameda >
Remate no Obradoiro

